PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020350	IES Plurilingüe Pintor Colmeiro	Silleda	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Francés	4º ESO	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido **Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	44
4.2. Materiais e recursos didácticos	47
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	48
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	49
6. Medidas de atención á diversidade	52
7.1. Concreción dos elementos transversais	53
7.2. Actividades complementarias	54
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	55
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	57
9. Outros apartados	59

1. Introdución

As linguas estranxeiras abórdanse a través da comunicación e da interculturalidade, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas de grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade. O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese partindo das linguas próximas, e é por iso que o papel das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son un instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de creación, de investigación, de experimentación e de descuberta, porque nos achegan ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.
Esta situación lévanos a solicitar unha metodoloxía que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, para o seu desenvolvemento cognitivo e social e para o seu éxito escolar.
A lingua apréndese para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, sentimentos, sensacións e aventuras, polo que a formación lingüística é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicarse no ámbito educativo e na vida profesional e social, para usos creativos e lúdicos das linguas e para comprender o patrimonio literario e cultural que propician. A súa finalidade é promover a utilización do medio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural ao alumnado, que irá adquirindo ao longo das súas experiencias lingüísticas e a de contribuír á formación de cidadás e cidadáns, cunha competencia comunicativa, coa que poidan interactuar, satisfactoriamente, en tódolos ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.
O alumnado utilizará estratexias de comunicación para facer eficaces os actos de comunicación, a través de destrezas comunicativas que serán: produtivas, receptivas e baseadas na interacción ou mediación. A lingua estranxeira deberá ser a lingua de comunicación na clase, sendo de vital importancia a presentación de actividades que fagan posible a mellora da comprensión oral e escrita, que axuden á produción de textos orais e escritos, tendo en conta o contido. En canto á comunicación escrita, resulta esencial adestrar ao alumnado no dominio das claves non lingüísticas para que lle axuden a comprender a mensaxe e as prácticas de comprensión centradas na lectura. Cómpre achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolvérense satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida cotiá, privada, social e profesional.
Para poder programar cómpre analizar as referencias lexislativas en que se sitúa a práctica docente e das que podemos salientar, como mais directas, as seguintes:
Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
Real decreto 217/2022, de 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.
Ademais desta lexislación, tamén se tiveron en conta na elaboración desta programación, os criterios recollidos no Proxecto Educativo do Centro e as decisións adoptadas polo propio Departamento.
Velaquí que para poder facer unha programación, que funcione e para que poida ser posta en práctica é preciso facérmonos catro preguntas esenciais: Porque debemos elaborar unha programación? A quen nos diriximos? Como redactala? Cal é a súa finalidade?
Para elaborar esta programación tívose en conta, fundamentalmente, a situación lingüística na que se atopa o noso alumnado, sendo este o punto de partida para que esta programación sexa efectiva e se desenvolva correctamente, xa que, doutro xeito, non tería sentido.
O estudo da lingua francesa proveerá unha nova experiencia como é, por exemplo, a capacidade de comprender a aqueles/as que falan francés e, ao mesmo tempo, permitirá aproveitar diversas actividades como poden ser: desenvolverse nun medio francófono, participar en asuntos comerciais, persoais, comprender as informacións na radio, na televisión, nun xornal, nun folleto, ou mesmo, a participación nun debate ou nunha situación comprometida.
A selección de temas e a elección de actividades que se propoñen, intentan tocar a realidade diaria dos estudantes, por iso, téntase ter en conta os gustos, necesidades ou intereses. O obxectivo principal é o de aprender a comunicarse; por iso intentarase proporcionar os medios lingüísticos necesarios para que o alumnado poida desenvolverse en situacións reais de comunicación. Do mesmo xeito, quérese implementar unha toma de contacto coa cultura francófona e comparala coa/s súa/s.
O I.E.S. Pintor Colmeiro empezou a funcionar no curso 1998-99. Está ubicado no concello de Silleda, na provincia de Pontevedra, e é o único instituto de titularidade pública deste concello. A contorna do concello de Silleda é fundamentalmente rural, aínda que conta cun núcleo urbano en expansión. Os principais motores socio-económicos da zona proveñen na súa maior parte do sector agropecuario e de industrias derivadas deste, aínda que tamén ten importancia o sector dos servizos. Cabe resaltar tamén, en relación coa dimensión demográfica autóctona do concello de Silleda, as comunidades de estranxeiros que se foron asentando nos últimos anos neste territorio, e que laboralmente se foron incorporando, sobre todo o sector agropecuario.
Porque debemos elaborar unha programación?
Porque a programación didáctica é o instrumento de planificación curricular mediante o cal o docente deseña, adecúa

e planifica a súa actividade, programando o modo no que os elementos do currículo van ser relacionados, ordenados, secuenciados e concretados ao longo dos diferentes cursos, atendendo ás características específicas do alumnado. Como a programación ten un carácter unitario, serve para dar unidade e coherencia ao ensino da lingua francesa, nos distintos cursos da ESO. Ao mesmo tempo, ha de servir aos obxectivos fundamentais que garantan esta unidade e coherencia, asegurando que a súa práctica educativa se sustente nuns principios educativos comúns dentro da área.
A quen nos diriximos?
A un alumnado que estuda nun centro público, situado en Silleda, un enclave na zona rural, no interior e que vai estudar a lingua francesa como segunda lingua estranxeira. Con eles imos traballar aproximadamente unhas 93 sesións en 4º da ESO, imprevistos e actividades complementarias incluídas. O noso obxectivo será, entón, o de estabilizar e reutilizar os coñecementos adquiridos durante os anos precedentes ao alumnado, para completar e ampliar o que xa adquiriran e inculcarlles novas competencias. A maioría do alumnado procede das diversas parroquias que compoñen o concello, sendo unha minoría os que proceden do núcleo urbano. Contan con transporte escolar pola mañá e pola tarde, dado que o centro ofrece servizo de comedor. No IES Pintor Colmeiro coexisten dúas etapas educativas: Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato. Dado o enunciado anteriormente, trátase dun centro de carácter eminentemente rural e cun alumnado non numeroso.
Como redactala?
A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en tres bloques que se corresponden coas actividades de lingua, isto supón o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar un ou máis textos co fin de desenvolver as destrezas comunicativas: comprensión oral e escrita, expresión oral e escrita así coma a produción de textos orais e escritos. Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa que abrangue os aspectos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos. Todos estes elementos relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción.
Cal é a súa finalidade?
A finalidade desta programación será a de planificar e ordenar as accións necesarias para levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe-avaliación, poñendo por escrito tódolos obxectivos que queremos conseguir en cada unha das Unidades Didácticas, grazas a unha boa selección de contidos e a dunha boa escolla de actividades a través dunha boa metodoloxía. No referente ao noso alumnado, a finalidade fundamental é que saiba desenvolverse nas situacións da vida cotiá e lle permita, deste xeito, desenvolver tódalas competencias propias a unha lingua estranxeira nas habilidades comunicativas, así coma na produción de textos orais e escritos. Esta programación servirá, tamén, como guía didáctica, tanto ao profesor de francés coma ao alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Je me déplace ainsi	-A expresión do tempo: Adverbios, substantivos e frases. -As preposicións dos medios de transporte e dos países. -Os verbos de movemento	14	15	X		
2	Comment sont les gens?	-Descrición física das persoas, o seu carácter e as súas emocións. -C'est // il-elle est. -Orde dos elementos na frase. -Adxectivos e substantivos	14	15	X		
3	Comment sont les objects?	-Descrición dos obxectos:formas, texturas e	14	15	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Comment sont les objects?	material. -As preposicións -O imperfecto	14	15	X		
4	Les Médias: la Musique, la Presse, le Cinéma et la Télévision.	-As perífrases verbais: presente continuo, pasado reciente e futuro inmediato. -Os demostrativos e os posesivos. -A Francofonía 1	14	15		X	
5	Une famille qui travaille	-Os pronomes persoais: tónicos, átonos e as súas funcións na frase. -O futuro. -A Francofonía 2	14	13		X	
6	Les activités quotidiennes	-As horas. -Le Passé composé. -A expresión do espazo	15	17			X
7	Les habitudes Alimentaires	-A expresión da cantidade: os partitivos, os adverbios de cantidade e as cantidades exactas. -O pronome "EN". -O imperativo	15	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Je me déplace ainsi	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	Desenvolverse entendendo o suficiente e facéndose entender con cohesión e coherencia.	PE	42
CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, e no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Interpretar un texto respondendo a unhas preguntas sinxelas de verdadeiro/falso; relacionar ou encher ocos en branco.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles, previamente preparados, nun rexistro neutro ou informal, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a planificación, a compensación e a cooperación.	Proba oral, previamente traballada na clase.		
CA1.7 - Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, expresando opinións, facendo invitacións e ofrecementos, solicitando e dando indicacións ou instrucións, ou os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender mediante estratexias de ampliación, repetición ou procedementos paralingüísticos.	Saber expresarse con claridade, con cohesión e coherencia, do/s tema/s previamente traballados na clase.		
CA1.8 - Redactar e difundir textos breves e sinxelos con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, usando estruturas e léxico básico de uso común, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Cumprir coas normas gramaticais e os contidos da U.D. Elaborar textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou intencións comunicativas.		
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves e sinxelos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal elemental da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Superar unha proba oral sinxela participando na clase, cun/cunha compañeiro/a, con varios/as ou co profesor.		
CA1.12 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Desenvolverse espontáneamente entendendo o suficiente e facéndose entender.		
CA1.13 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Desenvolverse espontáneamente entendendo o suficiente e facéndose entender con cohesión e coherencia nas intervencións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Cumprir coas normas gramaticais da U.D. Elaborar textos sinxelos empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou intencións comunicativas.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Proba oral e proba escrita: Empatía e aceptación nas intervencións e opinións, manifestando solidariedade e respecto.		
CA1.1 - Extraer o sentido global e algúns detalles importantes de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, dos ámbitos persoal, educativo e público próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Analizar o vocabulario, os enunciados e os contidos dos textos entendendo e reproducindo o que entende.	TI	58
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, materias que se cursan etc.), expresada nun rexistro neutro nun repertorio básico de palabras e frases e, no caso da oralidade, se se fala con ritmo pausado e con claridade.	Saber aplicar á practica o que se traballa na clase, facendo fincapé na comprensión oral e na escrita para poder transmitila.		
CA1.5 - Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese e persoal, educativo ou ocupacional considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Saber manexarse ben en Internet coa axuda do profesor nas páxinas mais apropiadas.		
CA1.9 - Completar formularios e documentos básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Saber interpretar o vocabulario e darlle sentido ao texto.		
CA1.10 - Aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.	Desenvolverse entendendo o suficiente e facéndose entender.		
CA1.14 - Utilizar en contornos próximos estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación; tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Participación e decisión nas intervencións empregando os cauces apropiados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Saber desenvolverse espontáneamente e aínda con axuda do profesor ou dos/as compañeiros/as, mesmo a soplarlle indirectamente a/s resposta/s.		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Empatía e aceptación dos outros nas intervencións e opinións.		
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incomprensión e de entendemento no seu contorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Recoñecer algúns contrastes e similitudes entre os usos da lingua francesa e os da/s propia/s, en situacións básicas de comunicación e da cultura popular.		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando sobre o seu funcionamento.	Detectar unha lingua espontaneamente sen dubidar.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Saber interpretar un texto e darlle un sentido coherente.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Cumprir coas normas gramaticais e os contidos da U.D. Saber desenvolverse autonomamente e expresarse con claridade, cohesión e coherencia.		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis usada.	Saber levar á practica o que se traballa na clase e utilizalo coherentemente.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, rexeitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Distinguir os contrastes e as similitudes entre as fórmulas e usos da lingua francesa e os da/s propia/s, en situacións comunicativas. -Recoñecer nos textos algunha manifestación básica da cultura popular.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Saber manifestarse por si mesmo cumprindo as regras sociculturais.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüísmo como salvagarda das especificidades culturais.	Saber desenvolverse noutra lingua respectando a idiosincrasia e o/s valor/es sociais de cada una.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Manifestarse con empatía e solidariedade entre as linguas e entre si mesmos.		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.	Saber manifestarse con empatía e solidariedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Manifestación de autoconfianza. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais¿). - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: iniciar, manter e finalizar intercambios comunicativos; presentar e presentarse; describir as características máis significativas de persoas, obxectos e lugares; intercambiar información concreta sobre temas coñecidos e próximos á súa experiencia; situar acontecementos no tempo, expresar a cantidade e a situación no espazo. Dar e comprender instrucións e ordes predicibles; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, facer proposicións ou suxestións de forma moi sinxela; expresar o gusto ou o interese e emocións básicas; enlazar frases con conectores de uso común para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade; dar explicacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións básicas; expresar en textos sinxelos a posibilidade e a dúbida; e resumir. - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), a organización e a estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo, instrutivo e explicativo), a función textual e a estrutura. - Utilización de unidades lingüísticas de uso moi común e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), a cantidade e a calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas máis habituais. - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, formación e sistema escolar. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos máis básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais básicas e de uso máis común, en formato síncrono o asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións básicas,

Contidos
- reformular, comparar, resumir, colaborar etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira. - Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas do repertorio lingüístico propio. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar) tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿). - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e logra unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos, a través de diferentes medios, con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Utilización de estratexias de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	Comment sont les gens?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Aplicar as estratexias, recursos e coñecementos máis adecuados (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), en situacións comunicativas cotiás para comprender o sentido xeral, a información esencial e detalles relevantes dos textos, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas; e interpretar elementos non verbais.	Desenvolverse entendendo o suficiente e facéndose entender con cohesión e coherencia.	PE	46
CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, e no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Interpretar un texto respondendo a unhas preguntas sinxelas de verdadeiro/falso; relacionar ou encher ocos en branco.		
CA1.6 - Expresar oralmente textos breves, sinxelos e comprensibles, previamente preparados, nun rexistro neutro ou informal, sobre temas cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias tales como a planificación, a compensación e a cooperación.	Proba oral, previamente traballada na clase.		
CA1.7 - Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, expresando opinións, facendo invitacións e ofrecementos, solicitando e dando indicacións ou instrucións, ou os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender mediante estratexias de ampliación, repetición ou procedementos paralingüísticos.	Saber expresarse con claridade, con cohesión e coherencia, do/s tema/s previamente traballados na clase.		
CA1.8 - Redactar e difundir textos breves e sinxelos con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, usando estruturas e léxico básico de uso común, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Cumprir coas normas gramaticais e os contidos da U.D. Elaborar textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou intencións comunicativas.		
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves e sinxelos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal elemental da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Superar unha proba oral sinxela participando na clase, cun/cunha compañeiro/a, con varios/as ou co profesor.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Desenvolverse espontáneamente entendendo o suficiente e facéndose entender.		
CA1.13 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Desenvolverse espontáneamente entendendo o suficiente e facéndose entender con cohesión e coherencia nas intervencións.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Cumprir coas normas gramaticais da U.D. Elaborar textos sinxelos empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou intencións comunicativas.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, rexeitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Distinguir os contrastes e as similitudes entre as fórmulas e usos da lingua francesa e os da/s propia/s, en situacións comunicativas. -Recoñecer nos textos algunha manifestación básica da cultura popular.		
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Proba oral e proba escrita: Empatía e aceptación nas intervencións e opinións, manifestando solidariedade e respecto.		
CA1.1 - Extraer o sentido global e algúns detalles importantes de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, dos ámbitos persoal, educativo e público próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Analizar o vocabulario, os enunciados e os contidos dos textos entendendo e reproducindo o que entende.		
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, materias que se cursan etc.), expresada nun rexistro neutro nun repertorio básico de palabras e frases e, no caso da oralidade, se se fala con ritmo pausado e con claridade.	Analizar o vocabulario, os enunciados e os contidos dos textos entendendo e reproducindo o que entende.	TI	54

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese e persoal, educativo ou ocupacional considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Saber manexarse ben en Internet coa axuda do profesor nas páxinas mais apropiadas.		
CA1.9 - Completar formularios e documentos básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Saber interpretar o vocabulario e darlle sentido ao texto.		
CA1.10 - Aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.	Desenvolverse entendendo o suficiente e facéndose entender.		
CA1.14 - Utilizar en contornos próximos estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación; tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Participación e decisión nas intervencións empregando os cauces apropiados.		
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Saber desenvolverse espontáneamente e aínda con axuda do profesor ou dos/as compañeiros/as, mesmo a soplarlle indirectamente a/s resposta/s.		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Empatía e aceptación dos outros nas intervencións e opinións.		
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incomprensión e de entendemento no seu contorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Recoñecer algúns contrastes e similitudes entre os usos da lingua francesa e os da/s propia/s, en situacións básicas de comunicación e da cultura popular.		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando sobre o seu funcionamento.	Detectar unha lingua espontaneamente sen dubidar.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Saber interpretar un texto e darlle un sentido coherente.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Cumprir coas normas gramaticais e os contidos da U.D. Saber desenvolverse autonomamente e expresarse con claridade, cohesión e coherencia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis usada.	Saber levar á practica o que se traballa na clase e utilizalo coherentemente.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Saber manifestarse por si mesmo cumprindo as regras sociculturais.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüísmo como salvagarda das especificidades culturais.	Saber desenvolverse noutra lingua respectando a idiosincrasia e o/s valor/es sociais de cada una.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Manifestarse con empatía e solidariedade entre as linguas e entre si mesmos.		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.	Saber manifestarse con empatía e solidariedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Redactar e difundir textos breves e sinxelos con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, usando estruturas e léxico básico de uso común, nun rexistro neutro, respectando as convencións ortográficas básicas, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Cumprir coas normas gramaticais e os contidos da U.D. Elaborar textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou intencións comunicativas.		
CA1.11 - Participar en situacións interactivas de intercambios de información breves e sinxelos sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal elemental da cultura estranxeira, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.	Superar unha proba oral sinxela participando na clase, cun/cunha compañeiro/a, con varios/as ou co profesor.		
CA1.12 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Desenvolverse espontáneamente entendendo o suficiente e facéndose entender.		
CA1.13 - Interaccionar, utilizando os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, relativos á vida cotiá, condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional), comportamento (posturas, expresións faciais, volume da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes, normas e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando empatía e a cortesía debida.	Desenvolverse espontáneamente entendendo o suficiente e facéndose entender con cohesión e coherencia nas intervencións.		
CA2.1 - Inferir e explicar textos e conceptos breves, sinxelos e predicibles en situacións moi cotiás e familiares, e transmitir a terceiras persoas a información dun xeito simple, aínda que se deban usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Cumprir coas normas gramaticais da U.D. Elaborar textos sinxelos empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou intencións comunicativas.		
CA3.1 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, rexeitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Distinguir os contrastes e as similitudes entre as fórmulas e usos da lingua francesa e os da/s propia/s, en situacións comunicativas. -Recoñecer nos textos algunha manifestación básica da cultura popular.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, identificando e rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo, e recoñecendo valores ecosociais, como a equidade, a reciprocidade e a solidariedade, como vías de solución.	Proba oral e proba escrita: Empatía e aceptación nas intervencións e opinións, manifestando solidariedade e respecto.		
CA1.1 - Extraer o sentido global e algúns detalles importantes de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, dos ámbitos persoal, educativo e público próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Analizar o vocabulario, os enunciados e os contidos dos textos entendendo e reproducindo o que entende.	TI	54
CA1.2 - Comprender o esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, materias que se cursan etc.), expresada nun rexistro neutro nun repertorio básico de palabras e frases e, no caso da oralidade, se se fala con ritmo pausado e con claridade.	Saber aplicar á practica o que se traballa na clase, facendo fincapé na comprensión oral e na escrita para poder transmitila.		
CA1.5 - Buscar información en fontes confiables sobre temas de investigación de interese e persoal, educativo ou ocupacional considerando a selección das fontes de información adecuadas como parte esencial do proceso de investigación para o traballo ou proxecto que se está realizando.	Saber manexarse ben en Internet coa axuda do profesor nas páxinas mais apropiadas		
CA1.9 - Completar formularios e documentos básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Saber interpretar o vocabulario e darlle sentido ao texto.		
CA1.10 - Aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir e revisar textos sinxelos comprensibles, coherentes e adecuados ás intencións comunicativas, á persoa destinataria, e ás características contextuais.	Desenvolverse entendendo o suficiente e facéndose entender.		
CA1.14 - Utilizar en contornos próximos estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación; tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións.	Participación e decisión nas intervencións empregando os cauces apropiados.		
CA1.15 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Saber desenvolverse espontáneamente e aínda con axuda do profesor ou dos/as compañeiros/as, mesmo a soplarlle indirectamente a/s resposta/s.		
CA1.16 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Empatía e aceptación dos outros nas intervencións e opinións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Participar na solución de problemas de incomprensión e de entendemento no seu contorno próximo, debidos á diversidade sociocultural e lingüística, resumindo, simplificando ou explicando mensaxes ou hábitos socioculturais sinxelos e coñecidos, para crear pontes e facilitar a comprensión e a comunicación.	Recoñecer algúns contrastes e similitudes entre os usos da lingua francesa e os da/s propia/s, en situacións básicas de comunicación e da cultura popular.		
CA2.3 - Comparar e argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando sobre o seu funcionamento.	Detectar unha lingua espontaneamente sen dubidar.		
CA2.4 - Utilizar os coñecementos, estratexias e experiencias das linguas do seu repertorio lingüístico para comprender e producir textos, e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Saber interpretar un texto e darlle un sentido coherente.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos co outros participantes.	Cumprir coas normas gramaticais e os contidos da U.D. Saber desenvolverse autonomamente e expresarse con claridade, cohesión e coherencia.		
CA2.6 - Valorar a adquisición dunha competencia plurilingüe suficiente, sen necesidade de alcanzar niveis de competencia iguais nin similares aos que posúe na súa lingua primeira ou máis usada.	Saber levar á practica o que se traballa na clase e utilizalo coherentemente.		
CA3.3 - Incorporar a crítica e a reflexión para adquirir valores, como o respecto á diversidade lingüística, á igualdade e á inclusión, e desenvolver unha visión empática para convivir nunha sociedade intercultural.	Saber manifestarse por si mesmo cumprindo as regras sociculturais.		
CA3.4 - Identificar os aspectos cognitivos, afectivos e comportamentais que forman parte da competencia lingüística e da competencia cultural, valorando o plurilingüísmo como salvagarda das especificidades culturais.	Saber desenvolverse noutra lingua respectando a idiosincrasia e o/s valor/es sociais de cada una.		
CA3.5 - Valorar positivamente a diversidade cultural a través do uso activo de linguas, saberes e coñecementos de procedencia cultural distinta co obxectivo de contribuír á cohesión social desde valores ecosociais.	Manifestarse con empatía e solidariedade entre as linguas e entre si mesmos.		
CA3.6 - Valorar criticamente, desde a consideración dos dereitos humanos, as manifestacións culturais (linguas, costumes, tradicións, crenzas relixiosas etc.) dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e as múltiples formas de organización social que reflicte a diversidade cultural.	Saber manifestarse con empatía e solidariedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Manifestación de autoconfianza. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás (explicar costumes, manifestacións culturais, relacións familiares ou de amizade, relacións laborais¿). - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: iniciar, manter e finalizar intercambios comunicativos; presentar e presentarse; describir as características máis significativas de persoas, obxectos e lugares; intercambiar información concreta sobre temas coñecidos e próximos á súa experiencia; situar acontecementos no tempo, expresar a cantidade e a situación no espazo. Dar e comprender instrucións e ordes predicibles; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, facer proposicións ou suxestións de forma moi sinxela; expresar o gusto ou o interese e emocións básicas; enlazar frases con conectores de uso común para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade; dar explicacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións básicas; expresar en textos sinxelos a posibilidade e a dúbida; e resumir. - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, considerando as características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), a organización e a estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo, instrutivo e explicativo), a función textual e a estrutura. - Utilización de unidades lingüísticas de uso moi común e significados asociados a estas, tales como a expresión da entidade (obxectos, persoas, ideas, estados, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), a cantidade e a calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (anterioridade, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas máis habituais. - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación, formación e sistema escolar. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións, procesos fonolóxicos máis básicos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración, e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais básicas e de uso máis común, en formato síncrono o asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións básicas, reformular, comparar, resumir, colaborar etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira. - Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas do repertorio lingüístico propio. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar) tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.

Contidos
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos. - Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas ¿léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.¿). - Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Manexo de expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e logra unha competencia comunicativa integrada. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal. - Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos, a través de diferentes medios, con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. - Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Utilización de estratexias de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

1- PRINCIPIOS METODOLÓXICOS DA EDUCACIÓN

A metodoloxía será activa e participativa; favorecerá o traballo individual e cooperativo do alumnado; contribuirá ao logro dos obxectivos, á adquisición e ao desenvolvemento das competencias claves correspondentes e á súa integración efectiva; fomentará a correcta comprensión oral e escrita, a expresión oral e escrita, a integración e o uso das TICs. e a educación cívica e constitucional, como recursos metodolóxicos eficaces para desenvolver as tarefas de ensino-aprendizaxe, e fixará as estratexias para acadar os saberes.

Tamén se debe ter en conta a diversidade do alumnado, para garantir o seu desenvolvemento, dándolle unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, deberanse pór en práctica os mecanismos de reforzo que poderán ser organizativos ou curriculares. Estableceranse, tamén, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas no ensino e na avaliación da lingua francesa para o alumnado con discapacidade, sobre todo se presenta dificultades na súa expresión oral, sen menoscabar as cualificacións obtidas.

Para unha adquisición eficaz das competencias, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen os manuais, favorecendo os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado para que contribúan ao desenvolvemento dunha competencia comunicativa plurilingüe. Dedicaráselle, tamén, un tempo á lectura para promover a comprensión lectora e o uso da información.

Tamén podemos incluír, neste bloque de principios metodolóxicos, os seguintes:

- Fomentar a reflexión, a dedución de conclusións a partir de observacións ou de ensaios, a confrontación de opinións, a inferencia racional e a verbalización das emocións.
- Respectar as peculiaridades de cada alumno/a, adaptando os métodos, as actividades e os recursos ofrecidos, utilizando técnicas e soportes variados que permitan o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa, así como o

da motivación.
- Fomentar a autoavaliación e a coavaliación como ferramenta para aprender a valorar a realidade e xulgala obxectivamente.
- Acostumar ao alumnado ao traballo en grupo, unindo capacidades e intereses, estimulando o diálogo, valorando a responsabilidade individual e a solidariedade, axudando na toma de decisións colectivas e orientando as confrontacións.
- Suscitar as argumentacións razoadas para a convivencia e o respecto aos demais, traballando a coeducación e a non discriminación relixiosa ou étnica, de racismo ou xenofobia.
- Traballar para evitar calquera situación de violencia: a de xénero, a terrorista e a violencia contra as persoas con discapacidade.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan unha discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, facendo comprender que existe, na nosa sociedade, unha realidade homosexual, bisexual, transexual e intersexual.
- Crear un ambiente de colaboración, de distribución das tarefas e responsabilidades, de identificación coa cultura propia e estranxeira, de respecto cara ao patrimonio natural e cultural propio e o dos demais países para desenvolver o espírito de cidadanía.
- Centrarse nun proceso mental de resolución de problemas e desenvolver o pensamento crítico e creativo, partindo da vida real dos estudantes e das súas experiencias concretas para obter aprendizaxes significativas.

2- OPCIÓN METODOLÓXICA

Na Educación Secundaria Obrigatoria formúlase como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa tanto no oral coma no escrito, así coma na comprensión e na produción de textos orais e escritos e a adquisición das competencias claves que lle corresponden a unha lingua estranxeira.

Pero para poder ensinar convenientemente hai que empregar unha bagaxe didáctica cunha grande diversidade de recursos que permitan traballar tódolos contidos para acadar, deste xeito, tódolos obxectivos. Para iso será precisa unha metodoloxía flexible, que deberá adaptarse ás habilidades comunicativas e a proporcionar os mecanismos necesarios para a produción de textos orais e escritos, deberá ser ordenada, polo que o profesor deberá considerar a organización dos espazos e dos medios audiovisuais dos que se dispón para levar a cabo os contidos; así permitirá espertar o interese do alumnado e, por iso, a metodoloxía deberá ser efectiva, atraínte, comunicativa e activa.

Debemos espertar no alumnado un gusto espontáneo e sincero pola lingua francesa e a súa impartición, para iso temos como palabra clave "motivación", de aí que se coiden, especialmente, os factores afectivos que poden motivar ao alumnado e que están sempre presentes en todo proceso de ensino-aprendizaxe. Os textos, tanto orais coma escritos, son escollidos para provocar a sorpresa, o interese ou a curiosidade. Procúrase que estean presentes, tamén, o humor, a tenrura, a ficción e o xogo. Hai numerosas actividades personalizadas para que o alumnado se sinta protagonista e poida aprender e actuar desde as súas propias experiencias. As ilustracións e as gravacións están, igualmente, ao servizo da motivación e buscan captar o interese de maneira constante.

Artellamento para conseguir a opción metodolóxica:

1- A comunicación oral e escrita: Actividades para dotar o alumnado dos contidos precisos para expresarse oralmente e por escrito.
- Iniciar a práctica con actividades deseñadas para pescudar coñecementos previos.
- Practicar os contidos novos en combinación cos xa adquiridos, dentro dun marco comunicativo, que ofrece pautas de comportamento válidas na vida real. As actividades abranguen as destrezas básicas: entender, ler, falar e escribir.
- Empregar os contidos novos en situacións novas: diálogos, xogos, proxectos, situacións,...
- Traballar conxuntamente a comprensión coa expresión, tanto no oral coma na escrita; é dicir: primeiramente, imos traballar a comprensión escrita visualizando un texto, logo a comprensión oral mediante a lectura dese texto, unha vez traballada a comprensión pasamos á expresión, mediante a produción dun texto escrito onde se reflictan os resultados da comprensión, e, finalmente, a expresión oral mediante a lectura dese texto. Para iso cumprirá unha boa selección de recursos, estratexias e actividades para que ese concepto frutifique e se consiga o obxectivo correspondente e, ao mesmo tempo, o alumnado se encamiñe á consecución das competencias correspondentes.

2- A reflexión sistemática: Actividades para fomentar no alumnado unha actitude de análise e reflexión sobre a lingua francesa. Para que esta reflexión sexa frutífera é preciso:
- Baseala en variadas actividades orais e escritas e orientala con preguntas.
- Guiar ao alumnado na creación de resumos gramaticais e léxicos personalizados, caderno persoal, apuntamentos, entre outros.
- Fomentar o emprego de materiais de consulta para reforzar e ampliar os coñecementos de vocabulario e os contidos gramaticais.
- Fomentar a indución e dedución de normas gramaticais.

3- As estratexias de aprendizaxe: Actividades para facilitar a aprendizaxe da lingua. Son moi variadas e contribúen, dalgún xeito, a fomentar a motivación do alumnado:
- Empregar fórmulas feitas e xestos para compensar as propias limitacións.

- Organizar o aprendido.
- Realizar unha grande variedade de actividades lingüísticas, individuais e interactivas.
- Recorrer a técnicas de aprendizaxe máis lúdicas: cancións, adiviñas, xogos, actividades plásticas ou dramatizacións.
- Avaliar persoalmente o aprendido e o proceso de aprendizaxe, descubrindo as estratexias máis útiles para cada un: ler, memorizar, escribir, debuxar, repetir, entre outros.

4- Os aspectos socioculturais: Actividades para informar ao alumnado sobre aspectos da vida e valores propios dos países de fala francesa e outros. Algúns medios son:
- Comparar comportamentos estranxeiros cos do propio país.
- Detectar na prensa e literatura xuvenil algúns temas e valores da cultura estranxeira e comparalos cos propios.
- Familiarizarse con lugares, nomes, datos históricos, símbolos e outros elementos representativos da cultura francesa.

5- O desenvolvemento das competencias claves: Actividades adecuadas para encamiñar ao alumnado a que consiga desenvolver as capacidades para aplicar os contidos e para que saiban saír dun apuro cunha resolución positiva.
- Saber comunicarse cunha persoa, utilizando os mecanismos estudados da comprensión e da expresión, sexa por oral ou por escrito.
- Deixar unha mensaxe, mandar un correo electrónico.
- Familiarizarse coa lingua francesa.
- Utilizar a espontaneidade, deixando ver a iniciativa e a maneira de desenvolvela.
- Saber aprender a aprender como expresión práctica para a súa propia vida formativa e futura.

3- APLICACIÓN DIDÁCTICA

As estratexias de ensino deben ser deseñadas de tal maneira que estimulen ao alumnado a observar, analizar, opinar, formular hipóteses, procurar solucións e descubrir o coñecemento por si mesmos/as. Un dos obxectivos mais valorados é o de aprendermos aos estudantes a que sexan autónomos, independentes e capaces de aprender a aprender.

Aprender de maneira estratéxica, implica que o estudante: controle os seus procesos de aprendizaxe, se de conta do que fai, capte as esixencias da tarefa e responda consecuentemente; planifique e examine as súas propias realizacións, podendo identificar acertos e dificultades, empregue estratexias de estudos pertinentes para cada situación e valore os logros obtidos e corrixa os seus erros.

- Comprensión oral: Hai diversas estratexias que favorecen a práctica da comprensión oral, aspecto predominante no primeiro ano de aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Algunhas das propostas son as seguintes: soportes visuais e sonoros que facilitan a comprensión, filtros que depuran a cantidade de palabras descoñecidas, rendibilidade da situación de clase e os xestos do profesor, aproximación global á lingua materna, selección de temas próximos aos intereses do alumnado, etc. A comprensión oral compróbase mediante exercicios diversos: discriminación auditiva, verdadeiro/falso, elección múltiple, tests, grellas de avaliación específicas, entre outros.
- Comprensión escrita: Na práctica da comprensión escrita, déixase para o segundo nivel a adquisición sistemática de diversas estratexias de comprensión, preferindo dedicar o primeiro nivel a fomentar no alumnado o pracer e a vontade de ler en francés. O obxectivo principal é, entón, preparar e facilitar ao máximo o acceso á lingua escrita. Algúns dos procedementos empregados son: facer recoñecer o oral no escrito, ler textos que retoman baixo unha nova forma contidos xa traballados, ler textos breves con léxico descoñecido nos cales haxa que buscar unha información precisa coa axuda de preguntas orientativas ou familiarizarse cos enunciados e instrucións dos exercicios. A compresión escrita compróbase mediante exercicios diversos: textos con ocos en branco, lecturas dramatizadas, establecemento de asociacións en función do sentido, verdadeiro/falso ou tests.
- Expresión oral: No contexto escolar e, dada a idade do alumnado, o máis probable é que a maioría deles non teña ningunha necesidade real de comunicar en lingua francesa. Polo tanto, a súa competencia comunicativa debe exercerse en situacións simuladas, que, unha vez asumidas como xogo, terán un certo grao de realidade. Con iso lógrase, ademais, un obxectivo principal para aqueles que, algún día, sí precisen comunicarse realmente en francés: este obxectivo é contribuír a que ao alumnado lle guste o francés e as clases de francés.

Pór en escena personaxes divertidos, curiosos, interesantes ou próximos ao alumnado desta idade, e aínda que sexan ficticios, presentan unha consistencia e coherencia psicolóxicas no desenvolvemento das súas peripecias. Como nas novelas ou no cine, o alumnado identifícase con eles e, desenvólvese e practica en francés, adquirindo unha competencia de comunicación oral que poderán aplicar, posteriormente, en situacións reais de comunicación. Situacións e interaccións cos demais compañeiros e co profesor.

- Expresión escrita: Nas primeiras etapas da aprendizaxe dunha lingua estranxeira, o usual é conceder prioridade á comunicación oral. No que á comunicación escrita respecta, trátase, sobre todo, de permitir ao alumnado familiarizarse con diversas tipoloxías de textos representativos da comunicación pero sen pedirlles máis produción que a correspondente á realización de determinados proxectos. A medida que a aprendizaxe progresa, o escrito adquire unha maior relevancia, as tipoloxías de textos diversifícanse e empezan a abordarse, primeiro en situacións simuladas e despois reais: cartas, postais, toma de apuntamentos ou pequenos artigos.
- Produción de textos orais e escritos: A estratexia metodolóxica debe ser flexible a cambios, que permitan axustarse

ás situacións que se presenten e enriquecerse en función das novas necesidades e das que xa están resoltas. Por iso debe existir unha organización lóxica para poñela en práctica e establecer relacións entre tódalas accións que permita complementárense unhas ás outras, como por exemplo: Aplicar estratexias de comprensión textual a través de fichas, parafraseos, actividades de completar este texto, produción de historietas, cómics, entre outras. Para iso cómpre espertar o interese do alumnado, sendo primordial a lectura, a escritura, a fala e a escoita para facilitar que expresen o que pensan ou senten, motivando a necesidade de comunicar, familiarizándoos con novos conceptos, temas e vocabulario e se dean conta dos erros que cometen, para, así, poder transformarse e transformar o seu contexto social e cultural dunha maneira significativa.
Cómpre partir das súas vivencias e dos seus gustos, por exemplo: o que queren ler, o que desexan construír; isto proporciónalles curiosidade por coñecer, procurar novas ideas para debater, escoitar suxestións, compartindo e desfrutando todos da clase.
4- A REFLEXIÓN SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE
O funcionamento da lingua, tanto na súa faceta oral como escrita, constitúe un tema privilexiado de discusión e intercambio entre o profesor e o alumnado. Numerosas actividades permiten levar a cabo inducións sobre o funcionamento do sistema lingüístico francés e reflexionar xuntos sobre a maneira de aprender unha lingua viva. Tendo en conta que as diferenzas entre o francés oral e o francés escrito son maiores que, por exemplo, en galego, propomos un traballo sistemático sobre este aspecto baseado na observación e dedución de regras, convertendo o estudo nunha especie de xogo que contribúe a non temer a complexidade da lingua francesa.
A progresión de aprendizaxe describe unha espiral na que se recollen e reciclan constantemente, os coñecementos previamente adquiridos e as dificultades xa superadas, mediante enfoques distintos, integrando todo isto en niveis sucesivos de complexidade. Este tipo de progresión aplícase tanto ao léxico como á sintaxe, e tanto á comunicación oral coma escrita. Desta maneira, pásase da comprensión de ¿minitextos¿ a textos breves e, finalmente, a textos máis longos sen, por iso, aumentar a dificultade do discurso. Tamén se lle pode pedir ao alumnado unha capacidade de expresión que, ao principio, pode limitarse á mímica pero que, pouco a pouco, irá dando paso a unha comunicación máis elaborada: frases feitas e fórmulas, oracións simples ou oracións coordinadas entre outras.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1-Material elaborado polo Profesor
2-Recursos didácticos do departamento de Lingua Francesa
3-Outros recursos didácticos aportados polo profesor
4-Recursos espaciais e materiais dispoñibles do centro
5-Aula virtual e/ou Páxina web do centro.
6-Páxinas web vinculadas ao FLE
7-Xogos de elaboración propia

1- Material elaborado polo profesor que vai substituir o libro de texto:
O profesor da materia de francés prefire aportar o material necesario para o desenvolvemento da materia. Para iso temos en primeiro lugar o "cahier d'exercices", é dicir o caderno de exercicios que elaborou o propio profesor, axustándose aos contidos gramaticais, léxicos, fonéticos e socioculturais de cada Unidade Didáctica para a consecución dos obxectivos, a adquisición das competencias claves, cumprindo cos criterios de avaliación, respectando o currículo da LOMLOE da segunda lingua estranxeira. Foi un arduo traballo, pero supoñemos que os resultados seguirán sendo positivos, xa que o profesor da materia xa os experimentou neste centro durante cinco cursos consecutivos e os resultados foron os esperados. Escolléronse tamén os textos apropiados a cada U.D. para traballar na aula, os audios e os vídeos que máis se adaptan xunto coas actividades e as fotocopias-modelo para o desenvolvemento e execución das U.D., así coma a petición de reserva semanal dunha sesión nunha sala de informática.
2- Recursos didácticos do departamento de Lingua Francesa

- Dicionarios, libros, libros de literatura adaptados, manuais, libros de lectura e os seus CDs, libros de exercicios e glosarios gramaticais.
- Xogos de sociedade.
- Computador

3-Outros recursos didácticos aportados polo profesor:

- Documentos auténticos: billetes de tren, cheques, cartas de restaurantes, fichas persoais, fotos, postais, horarios, publicidade, enquisas, formularios, anuncios, artigos de revistas ou xornais, revistas e xornais para adolescentes e xoves, revistas e xornais completos, propagandas, folletos, trípticos, entre outros.
- Libros de texto vixentes no ensino francés aprobados polo ministerio de educación francés.
- Ficheiros con fichas de confección propia: fichas para cada nivel, incluíndo a atención á diversidade, a alumnos con NEE e, tamén, para Bacharelato (neste centro servirán para aquel alumnado que queira ampliar contidos ou sexa bilingüe). E, tamén, fotocopias, procedentes de intercambios doutros centros ou doutros compañeiros.
- Libros de exercicios, glosarios e cadros gramaticais. Libros de literatura: novela, poesía e teatro.
- Unidades Didácticas, xa feitas, procedentes de profesores franceses que imparten unha segunda lingua estranxeira.
- Ampla documentación da Historia de Francia e da Xeografía.
- Documentos auténticos franceses para traballar os elementos transversais, a atención á diversidade e a interdisciplinariedade.
- Documentos para a súa explotación na clase: Versan, fundamentalmente, sobre situacións cotiás ou situacións reais que poidan xurdir inesperadamente. Revistas de pasatempos con: adiviñas, pequenos tests, encrucillados, sopa de letras, entre outros.
- Xogos didácticos de fabricación propia e manualidades.
- Vídeos con reportaxes de T.V., entrevistas, telexornais, previsións meteorolóxicas, actuacións musicais, documentais, entre outros; películas, CDs de música, DVDs pedagóxicos.
- Mapas, planos de cidades dos países francófonos, mapas do tempo, tests, horóscopos, fichas de presentacións ou de identidade, carteis, pósters, entre outros.

4- Recursos espaciais e materiais dispoñibles do centro:

Salas de audiovisuais.
Aulas de informática.
Taboleiro dixital, proxector e computadores en tódalas aulas, así coma todo o material do Proxecto Abalar nas aulas de 1º e 2º da ESO.
Patio.
Pavillón.
Biblioteca.
Recunchos específicos en cada aula: taboleiros de cortiza para proxectos e bibliotecas de aula.
Cámara de vídeo.
Computadores.
Proxectores e Canóns.
Computadores portátiles.
Micrófonos de sala.

5-Aula virtual e/ou Páxina web do centro.

O máis habitual é utilizar a aula virtual para cada nivel, pero en determinados casos puntuais, utilizarase a páxina web do centro, cando o/s documentos sexan comúns para todo o alumnado (a revista, as semanas, a francofonia, entre outras).

6-Páxinas web vinculadas ao FLE

Para os exercicios en liña na sala de informática.

7-Xogos de elaboración propia

O profesor elaborou ao longo da súa traxectoria profesional unha chea de xogos, sexan específicos para cada nivel ou sexan xerais para todo o alumnado. Están todos nas estanterías do departamento.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O alumnado de 4º da ESO xa ten unha noción da materia, en maior ou menor grado, tendo en conta que a escolla foi feita por eles e elas mesmos/as, co que se practicará unha avaliación inicial que nos vai axudar a coñecer, de maneira rápida e áxil, o perfil da clase e as características dominantes do alumnado. Tamén permite que afloren os coñecementos previos e a situación do alumnado respecto ao francés. Para iso, non é necesario recorrer a unha análise exhaustiva ou a rigorosos tests de coñecementos, senón, polo contrario, potenciar un tipo de actividade dinámica, fluída e tranquilizadora. Non queremos facer cousas fora do común, extraordinarias ou complicar un sistema de avaliación que, de por si, non deixa de ser obxectivo; o que pretendemos é traballar consecuentemente e

conxuntamente a comprensión coa expresión, tanto no oral coma na escrita así coma a produción de textos orais e escritos.
Para iso deseñamos un plan, que desenvolveremos durante o mes de Setembro e, se fose preciso, a primeira semana de Outubro, que ven ser o seguinte:
Imos traballar a comprensión escrita visualizando un texto e traballando con el os contidos habituais de iniciación á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, prevalecendo, sempre, o método indutivo, logo a comprensión oral mediante a lectura dese texto; unha vez traballada a comprensión pasamos á expresión, mediante a produción dun texto escrito onde se reflictan os resultados da comprensión, e, finalmente, a expresión oral mediante a lectura dese texto. Para iso deberemos recorrer a unha boa selección de textos, estratexias e actividades para que o alumnado se encamiñe ao logro das competencias correspondentes; sendo un deses textos a proba da avaliación inicial, xunto cun cartel que cada un fará cunha pequena frase en francés e que, individualmente, interactuará co resto dos compañeiros nun pequeno e breve diálogo.
Valoracións e criterios para todo o alumnado
- Grao de dominio dos obxectivos e capacidades e do nivel acadado.
- Nivel dos contidos mínimos imprescindibles para construír as novas aprendizaxes.
- Características na forma de aprenderen: habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas.
- Comprensión e expresión oral: pronunciación (articula correctamente tódolos sons), amplitude e propiedade léxica (emprega un vocabulario variado e/ou apropiado).
- Comprensión e expresión escrita: claridade (enténdese o que escribe) e erros ortográficos.
- Adecuada lectura mecánica, entende o que le.
- Atención e concentración: mantén a atención nas explicacións de clase, na realización das tarefas e/ou traballos persoais.

Medidas Individuais e/ou Colectivas:
A finalidade desta avaliación é ter constancia do nivel de competencia curricular que posúe o alumnado, e, a partires de aquí, definir a proposta curricular máis adecuada, en función dos obxectivos marcados e das competencias que debe acadar, por iso debemos considerala, unha avaliación de diagnóstico.
Para o estabelecemento de medidas que poidamos adoptar como consecuencia dos resultados obtidos, debemos dicir que non se pode atender sómente ao nivel de coñecementos previos, senón que ten que abranguer tódolos aspectos do proceso de aprendizaxe: coñecementos, procedementos, habilidades, actitudes, valores e, mesmo, os seus intereses, fortalezas e potencialidades.
Debemos converter o proceso de aprendizaxe nun proceso reflexivo e sistemático que permita tomar decisións para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe e corroborar a súa adecuación ás necesidades educativas do alumnado cun carácter planificador e orientador e non controlador. Polo que, de ser o caso, debe ser modificado de acordo coas necesidades e posibilidades e pode reducirse ou ampliarse segundo o contexto e abordarse gradualmente recorrendo ás medidas de atención á diversidade, ás fichas complementarias, aos traballos adicionais, audicións ou actividades.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**14**	**14**	**14**	**14**	**14**	**15**	**15**	**100**
Proba escrita	42	46	46	46	46	46	46	**45**
Táboa de indicadores	58	54	54	54	54	54	54	**55**

Criterios de cualificación:

A avaliación, entendida como parte integrante do proceso de educación, orienta de forma permanente os procesos de ensino-aprendizaxe e contribúe á mellora do rendemento de ámbolos dous. Para que resulte eficaz, debe ser continua e estar atenta á evolución do desenvolvemento do alumnado, tanto no plano intelectual, como no afectivo e social.
De tódolos xeitos poremos en práctica, primeiramente a avaliación inicial; continuaremos cunha formativa que vai permitir ao alumnado empezar a ser consciente da súa aprendizaxe, medir os seus progresos e detectar tanto as

súas limitacións como as súas habilidades. Non se trata só de realizar tests ou avaliacións propiamente ditas, senón que calquera actividade de aprendizaxe pode e debe transformarse nunha actividade de avaliación formativa se se comprenden as dificultades e a reflexión adecuada para mellorar, e, remataremos, coa avaliación sumativa que vai asociada directamente á nota, e figura como resultado dunha avaliación continua sobre as producións do alumnado. Este departamento estableceu uns baremos de avaliación, para que esta sexa continua, formativa, integral e cualitativa, non só cuantitativa, avaliando todo o proceso educativo e os seus elementos, xa que considera que as competencias clave xogan un papel importante para o futuro desenvolvemento do alumnado, e, xa este curso pasado, púxose en práctica unha remodelación das actividades e das tarefas encamiñándoas a esta consecución e cuxos resultados foron bastante satisfactorios. Pensamos que no caso que fose necesario facer exames non presenciais terán que vir acompañados de medidas axeitadas para garantir a súa transparencia e obxectividade a través de ferramentas que lle dean plena validez académica.

1-CRITERIOS ESPECÍFICOS

Para realizar a avaliación de cada un dos/as alumnos/as terase en conta o seguinte:

- A capacidade de expresión e comprensión oral e escrita e a produción de textos en lingua francesa.
- Os exames, probas ou tests orais e escritos.
- Os traballos obrigatorios e as fichas que se deberán presentar ao longo do curso.
- A lectura en francés dunha obra escollida, segundo niveis, para cada curso e a súa correcta comprensión ou a interpretación dunha canción.
- A observación directa do/a alumno/a no grupo: participación nas actividades da clase, espírito crítico, actitude cara á materia e aos demais compañeiros/as, tolerancia, capacidade para usar o material de clase ou actitude voluntaria na corrección das actividades.
- A realización das tarefas diarias: Mandarase a casa unha nota sempre que o/a alumno/a acumule tres sesións sen facer os deberes e/ou sen traer o material.
- O caderno de exercicios: a súa realización e a correcta corrección de tarefas específicas.
- O caderno persoal: organización, coidado e apuntamentos correctos. Limpeza.
- Queremos incluír un apartado que vai servir de motivación para o alumnado, e que xa foi posto en práctica outros cursos e que obtivo moi boa acollida entre o alumnado. Este é o apartado, dos positivos e dos negativos: a modo de "recompensas" e de "penalizacións", os positivos conséguense pola participación na clase: traballando ben na clase e facendo os traballos; os negativos veñen pola neglixencia e mala actitude. Os positivos e os negativos servirán para o redondeo da nota cando o resultado da media total sexa con números decimais (practicamente sempre é así). Deste xeito comprobarán que o traballo realizado vale para algo e, daranse conta, que hai unha grande diferenza entre as cualificacións dos que traballan e dos que non traballan, e que ese esforzo é tamén valorable e avaliable.

-Caso de incidencias, se aplicarán as sancións correspondentes do RRI do centro; pero se unha delas fose copiar nun exame, automaticamente deberá abandonara aula e, a continuación dese exame, realizaráselle outra proba na que deberá demostrar verdadeiramente os seus coñecementos para poder superalo. Se se dese o caso de que un/unha alumno/a non asistise o día do exame, deberá solicitar a realización do devandito por escrito na secretaria do centro, dando contestación inmediata unha vez que este departamento teña coñecemento desa solicitude, co que se buscará unha sesión que coincidirá dentro do horario do profesor, aproveitando a sesión de xefatura de departamento ou de atención de pais se non se empregase esa sesión como titoría propiamente dita. Se o/a referido/a alumno/a non o solicitase, enténdese que non hai interese en realizalo, co que lle mermará a cualificación. Con respecto á entrega dos traballos monográficos, funcionará da mesma maneira: deberá solicitar a súa entrega para negociala co profesor; no caso de presentación de traballos por correo electrónico, terían de prazo ata as 23:59 horas do día de entrega. Todo o alumnado está advertido desta situación e aclaradas as dúbidas xurdidas ao longo desta advertencia, sendo que os traballos e os exames están programados e anunciados, como mínimo, cunha semana de antelación.

A nota de cada avaliación dividirase en tres bloques:

1. Nota das probas ou tests orais e escritos.
2. Nota do traballo diario: aquí vanse incluír tódolos traballos, tarefas e fichas obrigatorias; os exercicios, os proxectos, os traballos monográficos, as actividades e a produción de textos orais e escritos na aula, así coma a súa participación e a práctica desenvolvida nas habilidades comunicativas; tamén se inclúen, neste apartado, os posibles traballos voluntarios que calquera alumno/a pode facer.
3. Consecución das competencias claves e específicas.

2-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

As puntuacións numéricas nesta área están comprendidas polas cualificacións das probas ou exames orais e escritos, dos traballos monográficos, individuais e grupais, das competencias e do desenvolvemento das habilidades comunicativas, dos deberes, do caderno persoal, do caderno de exercicios, das fichas, da participación na aula e das actividades complementarias, polo que se valorará absolutamente todo, dado que esta área préstase a abordar diferentes temáticas, supostos prácticos e todo aquilo que poida xurdir ao longo da vida cotiá, como por exemplo: unha viaxe, ir de compras, resolver un problema, circular ou camiñar por unha cidade, pedir e dar

informacións, escusarse, defenderse e tantos outros.
Cómpre ter en conta que a área de lingua francesa implicará sempre en toda a súa faceta, unha avaliación continua de obxectivos, contidos e competencias, sexa dentro do propio curso escolar ou con respecto aos anos académicos anteriores, polo que os contidos iranse incrementando en función do nivel inmediatamente superior ao que accede o alumno (Non fai falla dicir que cada curso escolar é independente nas cualificacións naturalmente).
Polo tanto decídese desglosar en porcentaxes, seguindo sempre as cualificacións dadas ou obtidas baixo os seguintes criterios:
1-Probas orais e escritas 55 %
2-Traballo diario 25 %
3-Consecución das competencias 20 %
No que ao baremo das porcentaxes se refire, pódese observar que os controis sexan orais ou sexan escritos, cualifícanse sobre 10 puntos cada un, sendo que a nota final reducirase á porcentaxe do 55%; con respecto ao traballo diario, englobaranse fichas, tarefas e/ou traballos para a casa, proxectos, traballos monográficos, entre outros; cada unha delas ou cada un deles irá cunha nota numérica dun máximo de 10 puntos, a suma de todas estas actividades reducirase á porcentaxe do 25%. En ámbolos dous casos temos que son sempre obrigatorios e terán cadansúa cualificación numérica que se rexerá pola suma de acertos conseguidos, restándolles os erros, tralas valoracións preestablecidas para cada un dos exercicios e que son coñecidas por todo o alumnado xa que aparecen por escrito en cada un dos exercicios das fichas, dos traballos ou dos controis. Para completar o 100% da nota de cada avaliación, queda o 20% que corresponde ás competencias claves. Ao lado destas cualificacións numéricas correspondentes ao 55% e ao 25% da nota, haberá, á par, outra cualificación numérica que é a específica das competencias clave seguindo a rúbrica correspondente. Polo que as notas das competencias claves non teñen porque ser as mesmas, nin correspondérense coas outras anteriormente referidas, xa que aquí valóranse as competencias acadadas polo alumnado, sen prexuízo das valoracións numéricas correspondentes a cada un dos outros exercicios. Polo que un mesmo control, unha mesma ficha, un mesmo exercicio, terá dobre cualificación: por un lado a suma dos valores numéricos correspondentes a cada exercicio, e por outro a suma dos ítem da rúbrica das competencias claves.
Cómpre ter en conta que tódalas cualificacións numéricas irán valoradas sobre 10 puntos, xa que é a mellor forma de que o alumnado o entenda, por estar acostumado a este valor, e tamén para o profesor, xa que se evitan os decimais ante calquera dúbida, esclarecemento ou explicación requirida por parte do alumnado ou pais/nais/titores/as legais; pero para dar a nota da avaliación reducirase a suma de cada unha das cualificacións numéricas á porcentaxe correspondente. En todo momento o alumnado será sabedor das súas notas acadadas.
No que ás cualificacións se refire, este departamento fai, alén da inicial, tres avaliacións, en cada unha delas aplícanse os devanditos criterios específicos 1, 2 e 3. A nota final da materia é a suma de tódalas notas das tres avaliacións. Superarán a materia todos/as aqueles/as alumnos/as que acaden 5 puntos, os/as que non acaden a devandita puntuación, deberán efectuar unha proba extraordinaria.
3-A AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE E ESPECÍFICAS DA MATERIA
- Deberá terse en conta o grado de dominio a través de procedementos de avaliación e instrumentos de obtención de datos validos e fiables nas aprendizaxes adquiridas.
- Elección de estratexias e instrumentos de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas en contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes.
- Debe estar integrada cos contidos para dar resposta ás situacións acaecidas, dotar de funcionalidade ás aprendizaxes e aplicar o que se aprende dende un enfoque integrador.
- Debe ter en conta a atención á diversidade e garantirlle ao alumnado con discapacidade que se realice de acordo cos principios de non discriminación e accesibilidade.
- Ha de incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros: a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. Así, favorecerase a aprendizaxe reflexiva e a valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e puntos fortes, sobre a participación dos/as compañeiros/as en actividades colaborativas e coa colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Gardarán relación cos saberes e o seu grao mínimo de consecución, a través dos procedementos e instrumentos de avaliación respectivos que permitan unha observación sistemática do traballo do alumnado, xunto cos contidos das probas orais e escritas, así coma o traballo diario da clase para conseguirmos unha avaliación coherente.
A cualificación e a valoración numérica que rexerán para as competencias clave quedan da seguinte maneira: Cada unha delas vai valer 10 puntos (xa que así o alumnado vaino entender mellor), co cal a cualificación global quedará sobre 70 puntos reais; para dar a cualificación numérica sobre 10 puntos, dividiranse os puntos acadados por cada alumno/a entre 7, para reducilo, posteriormente ao 20% da nota numérica total.
Agora ben, teranse en conta as seguintes penalizacións que a continuación se relacionan, seguindo a rúbrica que aparece nos anexos desta programación:
A-Descontarase un punto por cada ítem non conseguido, en cada unha das competencias, poden aparecer, deste xeito, cualificacións numéricas completamente diferentes, dentro de cada unha delas.

Por exemplo ante unha descrición: quen faga un exercicio de descrición e escriba "il est grand, il est intelligent, il est brun" terá 10 puntos sexa nun control ou sexa nunha ficha ou nun traballo, porque está respectando as regras gramaticais de xénero e de número así coma o control do léxico. Pero no tocante ás competencias obtería 8 puntos se o comparamos con alguén que escribe: " il est grand, il a l'air intelligent, ses cheveux sont bruns" que si acadaría os 10 puntos de competencia porque está dominando o vocabulario xenérico, a fluidez e a expresión.
B-Descontarase tamén un punto por aquelas fichas ou traballos onde a CCL e a CPSAA vaian exactamente iguais en erros irrefutables e inadmisibles xa que se detectará, notablemente e con toda claridade, que alguén copiou de alguén ou que un/unha deixoulle o exercicio ao/á outro/a; e isto fai con que tamén baixará a cualificación considerablemente das competencias CE e CCEC, por non respectaren o significado de ámbalas dúas competencias, tanto para un/ha alumno/a coma para o/a outro/a.
C-O alumnado será informado, xa dende a sesión de inicio do novo curso escolar, coma nos momentos puntuais.

Criterios de recuperación:

O alumnado pode facer traballos voluntarios que lle axuden a subir a nota de cada avaliación; estes traballos van dirixidos polo profesor, sempre e cando sexan por iniciativa e a petición do/a interesado/a, se hai dificultades de aprendizaxe ou outros motivos académicos que o xustifiquen. Nunca se aceptarán en caso de neglixencia consciente do alumnado. A súa cualificación irá incrementada no apartado de traballo diario facendo a proporción correspondente. Para poder sumarlle a puntuación destes traballos, o/a alumno/a terá que obter como mínimo, na nota global da avaliación 2,5 puntos; menos diso entenderíase que o/a alumno/a acolleríase a esta modalidade para superar a materia, desligándose da marcha habitual do grupo da clase.
Ao tratarse dunha área con avaliación continua e non facer exames escritos específicos de recuperación para cada avaliación, pódese recuperar con:
-Traballos escritos ou Traballos guiados polo profesor en Internet, sobre un obxectivo da U.D. correspondente, sobre un contido determinado ou específico pero clave da U.D.
-Unha proba escrita determinada: relacionar, encher ocos, redactar, completar, entre outros
-Unha proba oral determinada: falar sobre algún tema determinado, sexa individualmente, ou interactuando con outro/a compañeiro/a ou co propio profesor.
-O valor numérico dos criterios de recuperación e das porcentaxes son sempre as mesmas.
-Todo/a alumno/a que supere a avaliación final, recuperará a/as anterior/es se non a/as tivese/n superadas.

6. Medidas de atención á diversidade

A materia de Francés 2ª lingua estranxeira é materia de opción entre o alumnado que xa leva 3 anos estudando francés co mesmo profesor; é de supoñer que esta escolla obedecerá ás súas inquedanzas e preferencias; agora ben, pode acontecer que haxa alumnado novo que se incorpore ao centro e cuxo nivel esté aínda por determinar, polo que é moi pouco probable chegar a poñer en práctica as medidas de atención á diversidade. Porén velaquí o seu desenvolvemento:
As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias claves e os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lles impida acadar eses obxectivos e a titulación correspondente.
A aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira incide na formación xeral e contribúe especificamente a desenvolver as capacidades da linguaxe e da comunicación. Máis especialmente e en relación coas finalidades desta etapa, prepara o alumnado para usar esa lingua nos seus estudos posteriores ou na súa inserción no mundo do traballo.
A atención á diversidade require unha intervención o suficientemente variada e diversificada como para que cada alumno/a encontre as condicións óptimas para desenvolver con éxito a súa aprendizaxe. Polo tanto, flexibilizar a intervención pedagóxica é unha condición obrigada se se quere atender adecuadamente á diversidade do alumnado.
Esta diversidade queda reflectida nas diferenzas que presentan os alumnos en canto a:
-Os seus coñecementos previos.
-As súas ideas e representacións respecto á materia, neste caso, á lingua francesa.
-Os seus intereses e expectativas.
-As súas aptitudes.
-Os seus distintos ritmos de aprendizaxe.
-Os seus diferentes estilos de aprendizaxe.
-As súas actitudes con respecto á escola.
Cómpre ter en conta que poden aparecer circunstancias que propicien facer exames ou probas diferentes, pois os

avances e os progresos do alumnado poidan non seren os mesmos, polo que compra establecer un mecanismo de posta en marcha da atención á diversidade.
O seguimento deberá ser diferente, e velaquí unha posible previsión destes cambios, que poden afectar, de igual maneira, ás probas ou exames.
Diversificación das técnicas e modalidades pedagóxicas
1- Organización do espazo-clase e agrupamentos do alumnado segundo:
-As actividades (recantos de traballo, exposicións no exterior da clase, ...).
-Os intereses e as motivacións: reparto de tarefas en traballos cooperativos, de roles nas dramatizacións, entre outros.
2- Utilización de pluralidade de técnicas segundo os estilos de aprendizaxe do alumnado:
-Visuais (observación de debuxos, fotos, vídeo, internet ...).
-Auditivas (cancións, diálogos, karaoke,...).
-Cinéticas (xogos, sketchs, ...).
-Globalistas (proxectos, lecturas, ...).
3- Aplicación de distintas modalidades de traballo:
-Traballo individual, por pares, en pequeno ou en gran grupo.
-Traballo en grupo de corte individual (achegas de cada alumno) ou cooperativo (negociación e achega consensuada).
4-Utilización de diversos materiais e soportes: Auditivos, escritos e visuais.
5- Alternancia de actividades e duración: Itinerarios e secuenciacións propostas no libro do profesor.
6- Diversificación de contidos para un mesmo obxectivo: Manipulación de contidos distintos dentro dun traballo cooperativo.
7- Diversificación de actividades de aprendizaxe para un mesmo contido.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Os elementos transversais de 1º, 2º e 3º da ESO	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A participación en actividades para afianzar o espírito emprendedor a iniciativa e a autonomía	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A aprendizaxe para a prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación cívica e constitucional.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación e a seguridade viaria	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Partimos do convencemento de que os elementos transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. Estes elementos estiveron sempre moi presentes no ensino das linguas estranxeiras, xa que aprender outro idioma implica reflexionar sobre múltiples facetas da vida cotiá, ao tempo que se compara a realidade estranxeira coa propia.
Cómpre lembrarlle ao alumnado, que Francia foi, trala Revolución de 1789, un país moi liberal, tolerante, aberto e acolledor de exiliados e de emigrantes, propiciador dos dereitos do home e do cidadán, entre outras moitas facetas que se lle atribúen. E é por iso que os referidos elementos transversais irán enfocados, implicitamente á cultura e civilización francófona.
Aínda que poidan ser tratados con maior ou menor intensidade segundo o nivel do alumnado, cómpre dicir que serán comúns a tódolos cursos os seguintes elementos transversais:
· O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, respectando a igualdade, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade ou calquera outra forma de violencia, racismo ou xenofobia.
· Os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
· O control para evitar os comportamentos e contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
· As TICs

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
A maquetación dunha revista "Le Français et Moi"	Recolleita dos traballos mais salientables de todo o ano escolar	X	X	X
Concurso de panxoliñas francesas	Cantar unha panxoliña en francés	X		
Festival da Francofonía	O alumnado participa cunha pequena representación teatral, adaptada a cada un dos niveis ou cantar unha canción, sexa a través dun karaoke ou co acompañamento dalgún instrumento			X
Seis semanas adicadas aos aspectos socioculturais dos países francófonos	Seguindo as Unidades Didácticas	X	X	X
A filmación dunha curtametraxe "a vida nas aulas"	Dramatización e interpretación			X
Facer un programa de radio	Participación e elaboración de ideas	X	X	X
Xornada de convivencia	Un día/dous/tres días fora do centro			X
A semana da cociña	Elaboración dun prato da cociña francesa			X
Un intercambio cultural de alumnos/as	Nós iríamos ao centro francés e logo o alumnado francés devolveríanos a visita.	X	X	
Outras actividades	Actividades que poidan ir xurdindo ao longo do curso como poden ser as de participacións ou colaboracións con outros centros en todo o referente á área de francés ou outros intercambios lingüísticos así coma algunha saída didáctica ou cultural	X	X	X

Observacións:

Antes de máis cómpre dicir que as actividades planificadas só abranguerán ao alumnado que curse a materia de francés; e no referente ás excusións non poderá participar o alumnado que tivese algún parte de amonestación grave na materia de francés nin en ningunha das outras.
1-Seis semanas ao longo do curso adicadas aos aspectos socioculturais dos países francófonos: a semana da cociña, a do cinema, a das compras, a do cómic, a da música e a da Francofonía, escollendo o material e recursos mais adecuados.
2-A filmación dunha curtametraxe "a vida nas aulas": o alumnado vai ser o creador e o protagonista coa axuda e a intervención do profesor.
3-Facer un programa de radio: abranguerá todo o curso.
4-A maquetación dunha revista "Le Français et Moi"
5-Un concurso de panxoliñas francesas
6-Xornada de convivencia: Excursión de 2 ou 3 días fora do centro programando actividades que vaian xurdindo ao longo do curso e levalas á práctica. Porén este departamento resolveu que programará unha excursión a Portugal, aínda sen determinar. Para abaratar os custos da viaxe este departamento resolveu que compartirán a referida excursión co alumnado de 1º de BAC e, se as circunstancias o propiciasen, tamén iría o grupo de 2º de BAC. As datas aínda están por determinar, pero posiblemente sexan a finais do segundo trimestre ou, a mais tardar, no mes de Maio.
7-O festival da Francofonía: O alumnado participa cunha pequena representación teatral ou unha canción. A finalidade é axuntar a todo o alumnado de francés e facer coma unha clase todos xuntos.
8-Un intercambio de alumnos/as: O aumento das relacións internacionais fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade na sociedade actual porque fomenta as relacións interpersoais, favorece unha formación integral do alumnado, o desenvolvemento da súa personalidade e a relación con outros centros. Nós iríamos ao centro francés por un período de 12 días mais ou menos, e logo o alumnado francés devolveríanos a visita; durante ámbalas estadías asistiríamos ás clases, faríamos actividades, excursións, visitas culturais así como a convivencia coas familias. O número de alumnos/as e o/s curso/s quedarán supeditados á negociación entrámbolos centros.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ensinar a pensar
Desenvolver e traballar a autonomía
Aprender a aprender
Enfoque de actividades
A Tarefa na casa
Preguntar na clase
Metodoloxía relacionada coa avaliación
Motivación por parte do profesor cara á aprendizaxe do alumnado
Planificación da programación
Estrutura e cohesión no proceso de ensino-aprendizaxe
Seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe

Descrición:

1- Indicadores de logro
A avaliación non pode equipararse cos resultados dos exames escritos ou test gramaticais exclusivamente. Hai que medir a competencia comunicativa nas destrezas e servirá para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe e para que o profesor reflexione sobre o seu papel como facilitador desa aprendizaxe.
A- Ensinar a pensar: Un alumno non debería ser un receptor de contidos sen razoamento. Si lles ensinamos a pensar conseguiremos un paso importante. Poida que non saiba unha resposta pero podemos evitar que ofrezan solucións ou respostas sen sentido. As estratexias de comprensión, provocarlle respostas explicando, pedir que digan para que serve algo que aprenden, que dean as súas opinións, interpretar, analizar, guialos na resolución de problemas ou a coavaliación, son actuacións que favorecen o espírito crítico e o pensamento autónomo.
B- Desenvolver e traballar a autonomía: Un alumno autónomo ten base para acadar aprendizaxes: Organizar o material, as horas de traballo na casa, ensinar a resolver dúbidas con axuda, técnicas de estudo, a autoavaliación, a autorregulación da aprendizaxe, as iniciativas persoais, forman parte da metodoloxía da clase.
C- Aprender a aprender: Como docentes perseguimos que teñan a capacidade de acadar aprendizaxes por si mesmos a partires dunha base que lle creamos, polo que tódalas actividades deben estar orientadas neste senso e ir dando orientacións para desenvolveren a aprendizaxe autónoma, tomando conciencia do que sabe ou utilizando a súas propias estratexias de aprendizaxe. É dicir, que o alumno faga ou produza na aula para que se dea conta do que está ben, como modificar, como razoar para regular así a súa aprendizaxe.
D- Enfoque de actividades: Conseguir que o alumnado sexa menos reprodutivo e máis produtivo: Un/ha alumno/a reprodutivo/a pode aprobar pero no é, necesariamente, competente. Un/ha alumno/a produtivo/a desenvolve as competencias ao integrar varias habilidades para garantir a posibilidade de produción de acordo ao nivel de cada un. As actividades deben ser traballadas na clase e responderen á avaliación formativa, adaptándose ás características do/a alumno/a en concreto para acadar unha adecuada motivación cara á aprendizaxe.
E- A Tarefa na casa: O importante é traballar e ser quen de producir, planificarse, cumprir horarios, organizarse, ou anotar dúbidas e levar a cabo as técnicas facilitadas na clase.
F- Preguntar na clase: Preguntar, ben o do día anterior ou ben do que se está a falar nese momento, fomenta o desenvolvemento da autonomía ou do aprender a aprender, ademais do desenvolvemento da expresión oral ou do razoamento. Un/ha alumno/a que perde o medo a preguntar, potencia e desenvolve a súa autonomía.
G- Metodoloxía (relacionada coa avaliación): Débese fomentar unha metodoloxía na que cada alumno/a saiba en que falla e en que non, que as correccións faciliten a orientación e a información. Debe encamiñar a facilitar ao alumnado ferramentas para que aprenda de maneira autónoma, que sexa parte activa do seu proceso de aprendizaxe e desenvolva as habilidades que vaia utilizar.
2- Con respecto á práctica docente: Motivación por parte do profesor cara á aprendizaxe do alumnado
A- Presento e comento ao inicio de cada sesión a importancia do tema, os contidos, un plan de traballo e explico a súa finalidade.
B- Relaciono os contidos e actividades con supostos da vida práctica para fomentar a participación e o interese do alumnado.
C- Dou información dos progresos acadados e das dificultades atopadas.
D- Estruturo, organizo e reflexiono si os contidos son os máis indicados. Planificación da programación
E- Respecto tódolos puntos da programación e reservo unha grande importancia á estrutura e deseño das Unidades Didácticas en base ás competencias claves necesarias que o alumnado debe adquirir.
F- Formulo os obxectivos de xeito que expresen as habilidades que o alumnado debe acadar.
G- Selecciono os contidos adecuadamente ás características de cada grupo de alumnos/as.
H- Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación para facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grado en que acadan as aprendizaxes.
I- Adopto estratexias e técnicas programando as actividades en función dos obxectivos didácticos, das competencias claves, dos distintos tipos de contidos e das características do alumnado.
3- Estrutura e cohesión no proceso de ensino-aprendizaxe
A- Deseño e propoño actividades moi variadas que aseguren a adquisición dos obxectivos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas, facilitando estratexias de aprendizaxe.
B- Facilito a adquisición de novos contidos a través de diversas metodoloxías distribuíndo o tempo adecuadamente e controlando sempre un adecuado clima de traballo.
C- Utilizo recursos didácticos variados favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos e adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar ou dos recursos a utilizar.
D- Comprobo, de diferentes xeitos, que o alumnado comprendeu a tarefa a realizar, para acadar unha cohesión co proceso de ensino-aprendizaxe.
4-Seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe

A- Reviso e/ou corrixo os contidos, as actividades, a temporalización e os materiais utilizados.
B- Proporciono información sobre a execución das tarefas, como se pode mellorar e favorezo, tamén, os procesos de autoavaliación e coavaliación.
C- En caso de obxectivos acadados ou non, propoño novas actividades para a súa adquisición ou un maior afianzamento e a realización de traballos individualizados e diferentes tipos de exercicios, adaptando o material didáctico e os recursos ás necesidades do alumnado.
D- Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, ritmos de aprendizaxes, posibilidades de atención, grao de motivación e, en función deles, adapto, un pouco, o proceso de ensino-aprendizaxe.
E- Procuro e fomento interaccións entre o profesor e o alumnado. Avaliación do proceso
F- Realizo unha avaliación inicial ao principio do curso, así coma ao inicio dunha Unidade Didáctica para axustar a programación se fose preciso.
G- Aplico os criterios de avaliación de acordo co establecido utilizando criterios suficientes que atendan de maneira equilibrada á avaliación dos diferentes contidos.
H- Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recollida de información, de diferentes instrumentos de avaliación para coñecer o rendemento académico e utilizo estratexias e procedementos de autoavaliación e coavaliación que favorezan a participación na avaliación así coma diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade.
I- Corrixo e explico os traballos e actividades e dou pautas para a mellora da aprendizaxe.
J- Utilizo diferentes medios para informar a pais ou profesores-titores.
K- Utilizo os resultados de avaliación para modificar, se fose preciso, os procedementos didácticos e mellorar a miña intervención como docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1-MELLORAS XERAIS
- Cómpre empregar unha metodoloxía moi apropiada e moi específica para sacar partido aos contidos e acadar os obxectivos, polo menos, os mínimos. Tamén convén seleccionar e entresacar os contidos e o material máis importante que garde relación coa súa contorna sexa no plano socioeconómico coma no cultural aplicado á realidade cotiá; deste xeito, o traballo diario da aula verase mais dinamizado e motivador para o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- As distintas habilidades comunicativas deberán ir xuntas e encadeadas entre si para unha maior funcionalidade da lingua estranxeira, polo que a expresión oral e escrita deberán ser froito dunha espontaneidade logo dunha aprendizaxe continua, mentres que a comprensión oral e escrita deberá ir mais da man do profesor; este deberá guiar ao alumnado para que atinxa os obxectivos marcados.
- Que as tres sesións correspondentes non vaian seguidas, e sexan, por exemplo: luns, mércores e venres.
-Ter unha aula de referencia, onde os alumnos puidesen desprazarse á aula, non porque o profesor non queira ir dunha aula a outra, senón porque nunha aula de referencia teríamos todo o material necesario á man e o ambiente sería moi diferente: Pósters, imaxes, xogos, mapas, obxectos, biblioteca de aula, material didáctico, material escolar, entre outros (véxase, por exemplo a aula de Tecnoloxía, Música, Plástica, entre outras) e propiciaría unha mellor aprendizaxe e mesmo unha maior responsabilidade do alumnado na execución das tarefas encomendadas.
- Outra das melloras posibles sería poder ter grupos un pouco mais reducidos, para poder darlles unha atención mais individualizada e personalizada, detectaríanse con maior rapidez as carencias e poñeríase un dispositivo de corrección mais funcional e operativo e con mellores resultados. Tamén sería factible para poder executar unha mellor produción e comprensión de textos orais, así, todo o alumnado podería participar dun xeito mais activo en tódalas sesións, tendo en conta que son tan só dúas semanais e a súa bagaxe de aprendizaxe non está moi desenvolvida e pouco familiarizada, pois o alumnado sole expresar que coa lingua inglesa levan dende a primaria, namentres que en francés aínda empezaran na secundaria. Pese a que no noso centro hai desdobres que facilitan a redución de alumnos/as por sesións, tamén resulta un inconvinte, pois o déficit de atención aumenta un pouco simplemente por ven caras novas, ou non habituais nos grupos de referencia, e isto supón alteracións no seguimento ou desagrados á hora de fixar un control ou un traballo.
- Ir introducindo aínda algunhas actividades mais que leven á mellora da consecución dos obxectivos e se faga un bo aproveitamento deles, estamos pensando en utilizar o patio do centro e outros espazos exteriores, sobre todo para actividades lúdicas, entre elas unha caza do tesouro. En tempo de choiva, ir á biblioteca ou á sala de usos múltiples.
- Promover concursos entre os distintos grupos ou traballar en dinámicas colaborativas, xa que é típico amosar unha grande motivación neste tipo de actividades ou tarefas, e os resultados de aprendizaxe melloran significativamente; así como o desenvolvemento da actividade TEI (titoría entre iguais) que sempre deu bos resultados.
- No que aos manuais ou libros de texto se refire, quedan suprimidos, un ano máis, os manuais de texto das editoriais, pasando a utilizar o material elaborado polo profesor. O máis salientable é que a supresión do libro de

exercicios vai ser substituíndo polas fichas de elaboración do profesor, os resultados foron mellores, xa que este feito conduce a una aprendizaxe mais produtiva e conséguense os obxectivos que o profesor ten marcados.
- As actividades que implican interactividade, os supostos prácticos e os xogos tamén se seguirán utilizando para aprenderen o vocabulario, as frases e o aspecto sociocultural. No que respecta á programación, manteranse os mesmos contidos, temas transversais e estratexias metodolóxicas, pulíndoas, e adaptándoas ás necesidades do alumnado.
- Este departamento non ten previsto estudar a modificación das porcentaxes dos baremos de avaliación, seguirán sendo os mesmos para que a avaliación sexa continua, formativa, integral e cualitativa, non só cuantitativa, avaliando todo o proceso educativo e os seus elementos, xa que considera que as competencias clave xogan un papel importante para o futuro desenvolvemento do alumnado, e xa este curso púxose en práctica unha remodelación das actividades e das tarefas encamiñándoas a esta consecución e cuxos resultados foron bastante satisfactorios. Pensamos que no caso que fose necesario facer exames non presenciais terán que vir acompañados de medidas axeitadas para garantir a súa transparencia e obxectividade a través de ferramentas que lle dean plena validez académica.
- Mais implicación e colaboración das familias, que ven o centro como calquera outro lugar de traballo e non coma un lugar onde se imparte ensino e se poñen en práctica uns mecanismos para a adquisición de competencias que lle van servir ao alumnado para desenvolverse na vida, a través de tódalas actividades, de calquera tipo, sempre e cando sirvan para completaren os estudos e a formación dos/as seus/súas fillos/as.
- Seguir recordándolle ao alumnado de francés o compromiso que conleva o estudo dunha lingua estranxeira e a súa produtividade fronte á sociedade.
- Rebaremar as competencias claves dentro das táboas que xa ten o IES: Estas táboas foron entregadas ao final do curso 2017-18 para cada unhas das materias acordadas na correspondente CCP, cando este docente aínda non chegara ao centro, sendo que as dúas profesoras con destino definitivo no centro íanse trasladar aos novos centros. E é por iso que se pide unha nova rebaremación dado a que dende esa data ata hoxe fóronse uns cantos docentes e tomaron posesión outros tantos, polo que a situación varía abondo e a materia de francés, parece que non ten moito peso nesas decisións, escoitase máis a/s opinións dos docentes de inglés, algo co que non estou de acordo, por tratarse dun centro Plurilingüe, onde a materia de francés debe estar plenamente incluída nesa/s decisións.

2-MELLORAS QUE VEÑAN OCASIONADAS POR SITUACIÓNS INESPERADAS

Anunciar ao alumnado, xa dende o principio de curso que, no caso dunha hipotética suspensión das clases (que oxalá nunca máis volva a acontecer), o plan de traballo vai funcionar a través da aula virtual e que o seu deber é o de continuar coas clases telemáticas, respectando os días que aparecen coma non lectivos dentro do calendario escolar, facéndolles entender que esa hipotética suspensión das clases non é sinónimo de vacacións. Para iso cómpre explicarlles que: A lingua apréndese para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, sentimentos, sensacións e aventuras, polo que a formación lingüística é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicarse no ámbito educativo e na vida profesional e social, para usos creativos e lúdicos das linguas e para comprender o patrimonio literario e cultural que propician. A súa finalidade é promover a utilización do medio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural ao alumnado, que irá adquirindo ao longo das súas experiencias lingüísticas e a de contribuír á formación de cidadás e cidadáns, cunha competencia comunicativa, coa que poidan interactuar, satisfactoriamente, en tódolos ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Unha falla de continuidade, de interese e de traballo conleva unha grande lagoa difícil de solventar. Para iso consensuaranse, con cada un dos grupos, os mecanismos para poder levalo a cabo dunha maneira igualitaria e equitativa para todos, procurando a mellor situación e adecuación para todos e todas.

3-MELLORAS PARA O MES DE XUÑO

Despois de ter vivido e experimentado o período que foi dende o 6 ata o 22 de Xuño de 2022 e de 2023 onde o alumnado consideraba que tiña tódalas materias aprobadas e que non tiña porque vir ao centro, con unha falla total de traballo e de responsabilidade por unha grande parte do alumnado, consideramos que se debería regular un pouco esta situación por lei, non sei de que maneira, pero con unha igualdade para todos. O único bo, podería ser que sirva de lección ou de premio para anos sucesivos, para que aquel alumnado que realmente quere estudar e que o fai, continúe nesta tónica e non decaia. Este departamento está estudando a posibilidade de levar a cabo algunhas medidas para que isto non volva a acontecer, ou, polo menos, intentar evitalo o máximo posible.
Entre as medidas poderíamos destacar:
- Pedir máis colaboración e implicación das familias.
- Crear unha serie de medidas das que o propio alumnado sexa o único responsable na súa execución.
- Propoñer e programar actividades máis lúdicas na propia materia.
- Propoñer e programar actividades a nivel de centro, onde varios profesores queiran participar e/ou colaborar, sexa mediante a TEI (titoría entre iguais) ou a interdisciplinariedade, ou outras que poidan ir xurdindo ao longo do ano e que se poidan volver a repetir.

9. Outros apartados

1. A Interdisciplinariedade

Aspecto importante de todo proceso de ensino-aprendizaxe, mediante foméntase e pon de manifesto a relación que existe entre o contexto escolar e a vida cotiá.
Algúns exemplos poden ser: Historia: coa Revolución francesa; Física e Química: a contaminación e os gases, o efecto invernadoiro; Matemáticas: problemas, xogos de lóxica dedutiva; Xeografía: mapa de Francia e posesións en ultramar, Bioloxía: a importancia do almorzo, vitaminas, medio ambiente, os animais, o corpo; Linguas Estranxeiras Vivas: préstamos; Latín: vocabulario e léxico; Música: cancións e interpretación; Artes plásticas: debuxos, colaxes, a pintura, escultura e arquitectura; Literatura; Tecnoloxía: construcións, arquitectura.